

Don Carlos Potel Alvarellos, secretario accidental do Concello de Ponteareas (Pontevedra),

**CERTIFICA** que a Corporación Municipal, na sesión ordinaria levada a cabo o día 28 de xaneiro de 2020, a vista do seguinte ditame, **aprobo**, entre outros, o acordo proposto e co resultado de 20 votos a favor (9 do BNG, 4 do PP, 4 de ACIP e 3 do PSOE) unanimidades dos membros presentes.

**“5º) Expediente 446/2020. Proposta da concelleira de Ensino sobre a obtención do recoñecemento de cidade amiga da infancia.**

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Programa Cidades Amigas da Infancia, liderado por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do NENO (ONU, 20 de novembro de 1989), da que o noso país é signatario, no ámbito dos Gobernos Locais.*

*Cidades Amigas da Infancia ten como visión que todo neno, nena e adolescente disfrute da súa infancia e adolescencia e desenvolva todo o seu potencial a través da realización igualitaria dos seus dereitos nas súas cidades e comunidades. Co fin de facer realidade esta visión, os gobernos locais e os seus socios, identifican súas metas (resultados) nas cinco esferas de obxectivos xerais, que recollen os dereitos contidos na Convención sobre os Dereitos dos Nenos e das Nenas. Deste xeito unha cidade ou comunidade conta cunha gobernanza amiga da infancia, ao traballar para alcanzar estes obxectivos:*

- 1. Cada neno, nena e adolescente é valorado, respectado e tratado xustamente dentro das súas comunidades;*
- 2. As voces, necesidades e prioridades de cada neno e nena se escoitan e se consideran nas normativas e políticas públicas, nos orzamentos e en todas as decisións que lles afectan;*
- 3. Todos os nenos e nenas teñen acceso a servizos esenciais de calidade;*
- 4. Todos os nenos e nenas viven en contornos seguros e limpos;*
- 5. Todos os nenos e nenas teñen a oportunidade de disfrutar da vida familiar, o xogo e o ocio.*

*O Programa Cidades Amigas da Infancia púxose en marcha en España no ano 2001 e conta co apoio do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Instituto Universitario UAM-UNICEF de Necesidades e Dereitos da Infancia e a Adolescencia e UNICEF Comité Español.*

*A través do Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia, UNICEF Comité Español destaca a aqueles Gobernos Locais comprometidos cos cinco obxectivos de dereitos anteriores, que aplican a nivel local un modelo de xestión dende un enfoque de dereitos dos nenos e nenas, e que o fan baixo un sistema de gobernanza que favoreza a coordinación interna e externa, que promova e xere mecanismos reais de participación infantil e*



*adolescente e que conte cunha estratexia a longo prazo para incorporar á infancia e adolescencia no centro das políticas e accións impulsadas dende os gobernos locais.*

*UNICEF Comité Español determinará o outorgamento do recoñecemento de acordo ao establecido nas bases do recoñecemento 2019-20.*

*Considerando que o Programa Cidades Amigas da Infancia e o Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia favorecerán os intereses da poboación en xeral e da infancia en particular; considerando, ademais, que o noso Concello cumpre cos requisitos estipulados nas bases da convocatoria aberta por UNICEF Comité Español; e manifestando a nosa vontade de contribuír activamente á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos dos Nenos e das Nenas na nosa localidade, propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

***Solicitar a UNICEF Comité Español iniciar os trámites para a obtención do Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia; así como***

***Contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continuada e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade."***

E para que así conste e para os efectos oportunos, expido e asino o presente, coa salvedade do artigo 206 do R.O.F., de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas.

O alcalde,

O secretario acctal.,

Documento asinado electrónicamente

